



# PLAN ESTRATÉGICO

2022 - 2025



# ÍNDICE

**1**

**Obxectivos do  
Plan Estratégico**

**2**

**Metodoloxía  
e fitos**

**3**

**Estrutura  
do Plan**

**4**

**Entrevistas  
a socios**

**5**

**Grupos de  
traballo**

**6**

**Diagnóstico  
estratéxico**

**7**

**Enfoque  
estratéxico**

**8**

**Plan  
económico**

**9**

**Seguimento  
do plan**

## Introducción

Dende a constitución do Clúster da Biomasa de Galicia, a asociación comezou un camiño de modernización do sector e aproveitamento do potencial da comunidade a través da colaboración con axentes públicos e privados e organización de diferentes actuacións para aumentar a competitividade da industria e o coñecemento da biomasa entre diferentes sectores da sociedade, para conseguir crear sinerxias con axentes de interese e outras industrias relacionadas e mellorar o talento humano.

Porén, a pesar dos avances realizados polo Clúster dende a súa constitución en febreiro de 2021, resulta necesario establecer un Plan de traballo oficial, no que se integren todas as estratexias e actuacións a seguir nos próximos anos e que marcarán a folla de ruta da asociación para a consecución dos obxectivos fixados e a misión do mesmo.



## Introdución

É o momento de facer unha reflexión sobre cales son os horizontes que planeamos para o sector dende o Clúster, un horizonte condicionado polas consecuencias da crise derivada da COVID-19, tendo en conta as recomendacións e inquietudes dos socios e dos axentes relevantes do sector, así como doutras partes de interese para o desenvolvemento da industria, como institucións públicas ou Clústeres e asociacións de sectores relacionados, entre outros.



1

# OBXECTIVOS DO PLAN ESTRATÉXICO





Deseñar unha folla de ruta do Clúster para os próximos catro anos, recollendo as actividades a realizar para o impulso da biomasa en Galicia.



Asegurar o adecuado aproveitamento do potencial exterior da biomasa e todas as súas actividades, así como poñer en valor a importancia crecente do mesmo.



Crear colaboracións con axentes públicos e privados de cara á innovación e modernización do sector e que a súa vez permita o aproveitamento das oportunidades económicas que brinda o sector.



Mellorar a interlocución cos socios, con empresas do sector e con outros relacionados e cos distintos axentes públicos a través dun documento común e compartido.



Crear unha ferramenta de comunicación ante a sociedade, a Administración e outros sectores sobre as iniciativas a levar a cabo polo Clúster na mellora do medio ambiente a través dunha enerxía sustentable.



Fomentar iniciativas de investigación , desenvolvemento e innovación en todas as fases da cadea de valor do sector.



Crear unha rede de cooperación con outros sectores estratéxicos vinculados e consolidar sinerxias entre os distintos axentes.



Fomentar o talento humano e a adquisición de novas competencias tecnolóxicas.


2

METODOLOGÍA





# Metodoloxía



• **Proceso de escoita activa dos socios a través de entrevistas:** propostas e ideas para a elaboración do Plan Estratéxico do Clúster da Biomasa.

**2021**

**Feb - Mar 2022**

- **Taller de reflexión estratéxica cos socios:** grupos de traballo por temáticas
- **Consulta a entidades externas** (asociacións, administracións, etc.) coa fin de ter en conta as necesidades e demandas de todos os axentes implicados

• Redacción dun primeiro borrador do **Plan Estratéxico e presentación.**

**Maio 2022**

**Xuño 2022**

- **Presentación do documento final** do Plan Estratéxico do Clúster da biomasa de Galicia: publicación.



# 3

## ESTRUTURA DO PLAN ESTRATÉGICO DO CLÚSTER DA BIOMASSA



# Contidos do Plan Estratéxico


1. **Introdución e Metodoloxía**
2. **Contexto:** o sector, o concepto de Clúster, análise Benchmarking e análise estratéxica.
3. **Diagnóstico estratéxico:** análise do entorno, análise interno e diagnóstico estratéxico (análise DAFO)
4. **Plan Director:** visión, misión e valores.
5. **Interrelación do Plan coa Nova Estratexia RIS3**
6. **Plan Estratéxico:** obxectivos, eixos estratéxicos e liñas de acción.
7. **Programa de Acción:** descripción das iniciativas incluídas no Plan.
8. **Deseño da estrutura organizativa e de gobernanza do Cluster**
9. **Plan de Comunicación e difusión**
10. **Plan de Sustentabilidade:** modelo económico financeiro.
11. **Seguimento da implantación do Plan:** Indicadores
12. **Proxectos prioritarios para o Clúster**

4

**ENTREVISTAS  
AOS SOCIOS**



# Proceso inicial de consulta a socios: Entrevista



## ENTREVISTA

Entrevista que busca a reflexión dos socios sobre a identificación dos eixos estratéxicos e as accións a levar a cabo nos próximos anos e que deben ser incluídas no novo Plan Estratéxico que marcará a folla de ruta para os próximos 4 anos de actividade do Clúster.



## UNIVERSO

Os 29 representantes dos socios do Clúster da Biomasa de Galicia.



## MOSTRA

Na presentación actual recóllense os resultados dun número representativo de entrevistas realizadas (19 ata agora).




## FORMATO DA ENTREVISTA

Realizada por videoconferencia, cunha duración media de entre 60 e 90 minutos.



# Estrutura da entrevista a socios



## BLOQUE 1

O primeiro bloque, de carácter introdutorio, trata cuestións relacionadas coa contorna dentro da cal o Clúster é creado.

## BLOQUE 2

No segundo bloque abordaremos cuestións relacionadas coa Misión a futuro do Clúster.

## BLOQUE 3

O terceiro analiza as prioridades estratéxicas das empresas para buscar un aliñamento coas prioridades estratéxicas do Cluster da Biomasa de Galicia, así como coñecer as necesidades e previsións de futuro dos asociados.

## BLOQUE 4

O cuarto bloque busca identificar accións onde cada un dos socios se ve participando e teña interese expreso de formar parte deste plan estratéxico, ademais de servizos que poda ofrecer o Clúster.

## BLOQUE 5


Co último bloque o que se pretende é facer unha síntese do tratado durante a entrevista, especialmente no relativo á estratexia futura do Clúster.



# PRINCIPAIS RESULTADOS: MISIÓN DO CLÚSTER

## Pregunta 2.1


Importancia para a súa empresa dos seguintes compoñentes da Misión do Clúster (1 menos importante - 10 máis importante)



# PRINCIPALES RESULTADOS: AREAS ESTRATÉGICAS DO CLÚSTER

## Pregunta 3.8

Valoración dos 5 eixos estratégicos definidos para o Clúster (1 menos importante - 10 más importante)



Os eixos estratégicos máis valorados polos socios foron:


- **Eixo 2-** Fomento da cooperación entre empresas do sector e relacionados
- **Eixo 3-** Impulso da formación e a mellora do talento humano do sector



# PRINCIPALES RESULTADOS: SERVICIOS AOS ASOCIADOS

## Pregunta 4.3

Fontes de financiación do Clúster (1 menos importante - 10 máis importante)



# PRINCIPAIS RESULTADOS: CONCLUSIÓN

## Pregunta 5.1

As 3 accións prioritarias que considera que debería lanzar a Xunta Directiva do Clúster de forma inmediata.

**As respostas máis repetidas:**

- ✓ **Estrutura profesional do Clúster.**
- ✓ **Dar a coñecer o Clúster e as súas funcións: comunicación interna e externa.**
- ✓ **Actividades de divulgación da biomasa e encontros con outros sectores con enfoque multisectorial.**
- ✓ **Reforzo do contacto con administracións para conseguir a consolidación do sector e máis fondos**
- ✓ **Xornadas formativas: subvencións autonómicas, estatais e europeas; dixitalización**
- ✓ **Gañar representatividade e defensa dos intereses comúns da biomasa ante o sector privado e público**
- ✓ **Interrelación entre os socios**

5

GRUPOS DE  
TRABALLO



# GRUPOS DE TRABAJO: EIXOS ESTRATÉXICOS

Os grupos de traballo dividiránse en catro, segundo as temáticas e liñas inicialmente definidas para cada un deles:

## G1: I+D e Transferencia Tecnolóxica

- Liña 1: Aceleradora da innovación
- Liña 2: Demolab de tecnoloxías emerxentes
- Liña 3: Oficina de proxectos para captación de financiación

## G2: Cooperación

- Liña 1: Foro anual sectorial
- Liña 2: Encontros de debate mensual sobre temáticas emerxentes
- Liña 3: Programa de alianzas e joint ventures entre socios

## G3: Mellora do talento humano

- Liña 1: Mellora das competencias dos traballadores/as a través de programas de formación específicos para cada eslavón da cadea de valor
- Liña 2: Encontros mensuais para a actualización en materias especializadas segundo os cargos dos asistentes.
- Liña 3: Programa de becas e estancias en empresas

## G4: Recoñecemento sectorial e sustentabilidade

- Liña 1: Creación dunha mesa permanente de traballo coa Xunta de Galicia e a FEGAM para a dinamización da bioenerxía
- Liña 2: Impulso dos sistema de acreditación e selos de calidade
- Liña 3: Divulgación e concienciación da sociedade e dos grupos de interese do sector (administración pública, comunidades enerxéticas, industria, etc.) sobre o potencial da biomasa como fonte de enerxía renovable e local.
- Liña 4: Colaboración con Centros de Investigación e Universidades Galegas para o deseño dun modelo enerxético sustentable en Galicia e o impulso da bioeconomía baseado na biomasa
- Liña 5: Organización de premios e recoñecementos de iniciativas sustentables.
- Liña 6: Desenvolvemento do negocio con diferentes sectores empresariais demandantes de calor: industria, turismo, etc.

# GRUPOS DE TRABAJO

Cada un destes grupos foron os encargados de definir as acción que se describirán con posterioridade para cada eixo estratéxico.

## GRUPO 1: I+D E TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

- **Manuel Pardiñas** (A MARIÑA BIEGAL)
- **Juan Carlos Garrido González** (GESTCALOR SL)
- **Luis Ortiz Torres** (Universidade de Vigo)

## GRUPO 2: COOPERACIÓN

- **Daniel Portela Campos** (Okofen)
- **Gerardo Rodríguez Vázquez** (Energylab)
- **Carlos Illade** (Calquega Biomasa S.L.)
- **Patricia González** (Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais)
- **Fernando García Novo** (Fundación Laboral Construcción)

## GRUPO 3: MELLORA DO TALENTO HUMANO

- **Juan Manuel González** (DOCER)
- **Sergio Fernández** (Enertra)
- **Francisco Javier Álvarez Pereiro** (Ecowarm de Galicia)

## GRUPO 4: RECOÑECIMENTO SECTORIAL E SUSTENTABILIDADE


- **Rubén Mosquera Rodríguez** (MOSQUERA VILLAVIDAL SL)
- **Iago Piñeiro** (FORESTACION GALICIA SA)
- **Laura Aldariz Muinelo** (TECGAL ENERXÍAS SL)
- **Gonzalo Piñeiro Veiras** (CIS MADEIRA).

# 6

## DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO: ANÁLISE DAFO



# ANÁLISE DAFO



## DEBILIDADES


- Asociación nova, experiencia limitada
- Escasos recursos económicos
- Falta dunha figura directiva profesional.
- Escasa masa asociativa en comparación con outras asociacións similares.

## AMEAZAS

- Novas políticas a nivel estatal que destacan os aspectos negativos da biomasa.
- Pouco coñecemento da sociedade sobre o uso da biomasa: necesidade de divulgación.
- Sector pouco consolidado en España.
- Mensaxes vinculados á escaseza de materia prima



# ANÁLISE DAFO



## FORTALEZAS

- Estreita relación con Administracións e Institucións Públicas.
- Única asociación de impulso da biomasa de Galicia.
- Boa relación con outros Clústeres de sectores relacionados (madeira, economía circular, etc.)
- Socios pertencentes a toda a cadea de valor da biomasa.
- Plan de actividades de formación e divulgación xa deseñado e executado.
- Moitos contactos no sector e en industrias relacionadas.
- Alta motivación do núcleo directivo.

## OPORTUNIDADES

- Renovación da Estratexia de Impulso da Biomasa de Galicia: o Clúster participa no proceso de elaboración da mesma.
- A biomasa atópase dentro da Estratexia da RIS3T, o que supón un impulso do sector.
- Profesionalización do sector.
- Novas políticas e axudas públicas que impulsan o uso de enerxías renovables.
- Casos de éxito de asociacións similares noutros países.
- Novas axudas europeas de fomento das enerxías renovables.
- Mercado en expansión
- Maior concienciación ambiental da sociedade
- Auxe das enerxías renovables e alza no prezo dos combustibles fósiles





7

ENFOQUE ESTRATÉGICO



# MISIÓN

- ✓ O Clúster da Biomasa de Galicia nace **para impulsar o uso das enerxías renovables** e por iso o obxectivo principal do clúster é **defender os intereses comúns dos seus membros así como do sector da biomasa no seu conxunto** identificando necesidades que contribúan á diversificación do sector enerxético galego e que permitan dar resposta aos retos estratéxicos e competitivos do sector fomentado un uso sostible da biomasa
- ✓ Para iso, poranse en marcha proxectos de cooperación que aposten pola innovación promovendo a internacionalización e a capacidade emprendedora e realizaranse as seguintes accións:



**Difusión de uso de biocombustibles e enerxías renovables**



**Promoción de cooperación, da innovación, da capacidade emprendedora e da internacionalización**




**Situar á biomasa como sector de referencia, mellorando e aproveitando os recursos forestais naturais**



**Comezar proxectos de cooperación innovadores entre os distintos axentes públicos e privados en Galicia**

# VALORES



Os valores que rexerán todas as actividades e actuación do Clúster da Biomasa de Galicia serán os seguintes:



**Sustentabilidade e  
protección do medio natural**



**Compromiso coa sociedade  
e o medio rural**



**Innovación**



**Cultura da cooperación**



# ENFOQUE ESTRATÉGICO: RESUMO



# EIXOS ESTRATÉXICOS

## Eixo 1: Impulso da excelencia na innovación (I+D+i) e a transferencia tecnolóxica

A través deste primeiro eixo o que se pretende é favorecer a creación dunha contorna propicia para o desenvolvemento de actividades de I+D+i entre os socios e actores relacionados co Clúster e con toda a cadea de valor da biomasa co fin de aumentar a competitividade do mesmo a nivel rexional, nacional e internacional.

## Eixo 2: Fomento da cooperación entre empresas do sector e relacionados

O obxectivo principal das accións propostas neste eixo é crear unha rede de colaboración entre empresas do sector e cos axentes relacionados, tanto públicos como privados, fortalecendo ás relacións preexistentes e creando outras novas para conseguir impulsar actividades colaborativas que permitan mellorar a competitividade dos socios do Clúster e do sector en xeral.

## Eixo 3: Impulso da formación e a mellora do talento humano do sector

Ante a necesidade dunha mellor formación dos/as traballadores/as da industria e dunha maior profesionalización na mesma que redunde en emprego de maior calidade, propónse unha batería de actuacións vinculadas á mellora das capacidades e competencias do persoal de toda a cadea de valor mediante unha estratexia formativa actualizada e adaptada ás tendencias e necesidades no ámbito da biomasa-forestal.


## Eixo 4: Recoñecemento sectorial dentro e fora de Galicia e a consolidación do sector

Neste eixo estratéxico inclúense diferentes actuacións centradas na concienciación da sociedade sobre a biomasa, o fortalecemento das relacións cos grupos de interese, especialmente as Administracións Públicas, e na mellora dos produtos e servizos ofrecidos ao mercado a través de certificacións e selos de calidade.

## Eixo 5: Contribución ao Desenvolvemento Sustentable de Galicia

As actuacións englobadas baixo este eixo irán enfocadas á creación de redes de colaboración con organismos públicos e privados con coñecementos específicos na materia e ao desenvolvemento dunha masa crítica de actores con experiencia nos campos da bioeconomía e a produción sustentable de enerxía baseada en biomasa para converterse así nun xerador de riqueza para o sector e toda a súa cadea de valor.


# ACCIÓNS



Eixo Estratégico	Acción
<p data-bbox="326 753 924 882"><b>Eixo 1: Impulsar a excelencia na innovación (I+D+i) e a transferencia tecnolóxica</b></p>	<ol style="list-style-type: none"><li data-bbox="983 482 2040 572">1. Creación dunha unidade de captación de financiación europea para proxectos de innovación sectorial</li><li data-bbox="983 658 2015 748">2. Diseñar e desenvolver unha demolab de tecnoloxías emerxentes</li><li data-bbox="983 848 2040 938">3. Deseño e posta en marcha dun portafolio de servizos especializados para os socios do Clúster</li><li data-bbox="983 1038 2002 1128">4. Deseño e posta en marcha dun servizo de vixilancia tecnolóxica</li></ol>



# ACCIÓN



## **Eixo 2: Fomento da cooperación entre empresas do sector e relacionados**

5. Organización dun Foro anual sectorial

6. Programa de alianzas e joint ventures entre socios: sinerxias entre asociados

7. Participación colaborativa de toda a cadea de valor en proxectos estratéxicos de I+D+i



# ACCIÓN

## **Eixo 3: Impulso da formación e a mellora do talento humano do sector**

8. Organización de programas de formación específicos para cada eslabón da cadea de valor e nivel xerencial
9. Deseño e implementación dun programa de xornadas formativas con instaladores expertos para a mellora da formación de operarios
10. Profesionalización e mellora do atractivo laboral do sector da biomasa: asegurar a sucesión futura de profesionais
11. Captación de provedores de produtos e servizos como formadores en competencias específicas
12. Identificación de axudas públicas específicas para a organización de actividades formativas para o sector da biomasa
13. Deseño e implementación de accións divulgativas de valorización da biomasa para captación e retención de talento



# ACCIÓN

## **Eixo 4: Alcanzar o recoñecemento sectorial dentro e fora de Galicia e a consolidación do sector**

14. Fortalecemento da relación coas administracións públicas a nivel nacional, rexional e local

15. Impulso dun distintivo vinculado ao uso da biomasa

16. Divulgación e concienciación da sociedade e dos grupos de interese do sector sobre o potencial da biomasa como fonte de enerxía renovable e local

17. Formación e Asesoramento á administración autonómica e local así como aos prescritores no sector residencial para a dinamización do emprego da bioenerxía como solución térmica

# ACCIÓN

## **Eixo 5: Contribución ao Desenvolvemento Sustentable de Galicia**

18. Colaboración con Centros de Investigación e Universidades Galegas para o deseño dun modelo enerxético sustentable en Galicia e o impulso da bioeconomía baseado na biomasa.

19. Organización de premios e recoñecementos de proxectos destacados e singulares de biomasa

20. Impulso da biomasa nos sectores industriais

21. Desenvolvemento da biomasa no sector do turismo de Galicia

22. Posta en marcha das iniciativas propostas no plan de internacionalización do clúster

# 8

## PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO



# PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO

<b>Anualidade</b>	<b>Orzamento</b>	<b>Cotas</b>	<b>Convenios</b>	<b>Axudas</b>	<b>Fontes alternativas</b>
<b>2021</b>	<b>225.212,00 €</b>	12,26%		87,74%	
<b>2022</b>	<b>236.000,00 €</b>	15,25%	12,71%	72,03%	2,12%
<b>2023</b>	<b>248.000,00 €</b>	19,35%	16,13%	64,52%	4,03%
<b>2024</b>	<b>256.600,00 €</b>	20,11%	21,43%	58,46%	5,85%
<b>2025</b>	<b>267.600,00 €</b>	21,52%	22,42%	56,05%	7,47%

# 9

## SEGUIMIENTO DO PLAN: INDICADORES



## SEGUIMIENTO DO PLAN ESTRATÉXICO

Co obxectivo de cumprir con todos os obxectivos fixados no presente Plan resulta necesario definir unha serie de indicadores que actuarán como mecanismo de seguimento das diferentes actuacións ou accións a levar a cabo nos próximos 4 anos.

Así, dito mecanismo incorporará dous tipos de indicadores:

- **Indicadores de consecución dos obxectivos previstos: KGIs - “Key Goal Indicators”.**
- **Indicadores de avaliación do progreso: KPIs - “Key Performance Indicators”.**

Acción	Indicadores	2022	2023	2024	2025
1. Creación dunha unidade de captación de financiación europea para proxectos de innovación sectorial	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de ideas de proxectos identificadas</li> <li>• N° fontes de financiación identificadas</li> <li>• N° de proxectos de I+D+i nos que se participa</li> </ul>	3	4	5	6
2. Deseñar e desenvolver unha demolab de tecnoloxías emerxentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de talleres de demostración tecnolóxica realizados/ano</li> <li>• N° de asistentes os talleres do demolab</li> </ul>	1	2	3	4
3. Deseño e posta en marcha dun portafolio de servizos especializados para os socios do clúster	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de servizos ofrecidos a socios</li> <li>• % de socios que utiliza os servizos ofrecidos polo Clúster</li> <li>• N° de consultas recollidas a través do Help Desk</li> </ul>	2	4	5	6
4. Deseño e posta en marcha dun servizo de vixilancia tecnolóxica	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de tecnoloxías identificadas</li> <li>• N° de usuarios do servizo de vixilancia tecnolóxica</li> </ul>	10%	15%	20%	25%
5. Organización dun Foro anual sectorial	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Foro sectorial celebrado /ano</li> <li>• N° asistentes foro</li> </ul>	2	3	4	4
6. Programa de alianzas e joint ventures entre socios: sinerxias entre asociados	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de alianzas e joint ventures postas en marcha ao ano</li> <li>• N° socios implicados en alianzas e joint ventures</li> </ul>	1	1	1	1
7. Participación colaborativa de toda a cadea de valor en proxectos estratéxicos de I+D+i	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° asistentes foro</li> </ul>	25	35	40	45
8. Organización de programas de formación específicos para cada eslavón da cadea de valor e nivel xerencial	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de alianzas e joint ventures postas en marcha ao ano</li> <li>• N° socios implicados en alianzas e joint ventures</li> </ul>	2	3	4	5
9. Participación colaborativa de toda a cadea de valor en proxectos estratéxicos de I+D+i	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de proxectos postos en marcha/ano</li> <li>• N° de proxectos estratéxicos realizadas con organismos externos/ano</li> <li>• N° de socios relacionados cos proxectos estratéxicos/ano</li> </ul>	3	4	5	5
10. Organización de programas de formación específicos para cada eslavón da cadea de valor e nivel xerencial	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de formacións realizadas/ano por cada nivel xerencial</li> <li>• N° de formacións en competencias transversais realizadas/ano</li> <li>• N° de asistentes en formación/ano</li> </ul>	3	3	4	4
11. Organización de programas de formación específicos para cada eslavón da cadea de valor e nivel xerencial	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de formacións realizadas/ano por cada nivel xerencial</li> <li>• N° de formacións en competencias transversais realizadas/ano</li> <li>• N° de asistentes en formación/ano</li> </ul>	1	2	2	3
12. Organización de programas de formación específicos para cada eslavón da cadea de valor e nivel xerencial	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de formacións realizadas/ano por cada nivel xerencial</li> <li>• N° de formacións en competencias transversais realizadas/ano</li> <li>• N° de asistentes en formación/ano</li> </ul>	10	15	20	25

Acción	Indicadores	2022	2023	2024	2025
9. Deseño e implementación dun programa de xornadas formativas con instaladores expertos para a mellora da formación de operarios	Nº de formacións realizadas/ano	1	2	2	3
	Nº de asistentes en formación /ano	12	15	20	25
10. Profesionalización e mellora do atractivo laboral do sector da biomasa: asegurar a sucesión futura de profesionais	Nº de contactos realizados con universidades, centros educativos e outros organismos formativos.	2	3	4	5
	Nº de feiras de emprego na que o Clúster estivo presente /ano	0	1	2	2
11. Captación de provedores de produtos e servizos como formadores en competencias específicas	Nº de provedores captados	1	2	3	4
	Nº de formacións realizadas por provedores de servizos	1	2	3	4
	Nº de asistentes ás formacións realizadas por provedores.	10	15	20	25
12. Identificación de axudas públicas específicas para a organización de actividades formativas para o sector da biomasa	Nº de solicitudes de axudas presentadas	1	2	2	3
	Fondos públicos captados para formación	97.000€	98.000€	100.000€	100.000€
	% de formacións organizadas con fondos públicos específicos para programas formativos.	80%	85%	90%	90%
13. Deseño e implementación de accións divulgativas de valorización da biomasa para captación e retención de talento	Nº de actividades divulgativas realizadas para a captación e retención de talento	1	2	4	4
	Nº de interaccións en RRSS	20	30	35	40
14. Fortalecemento da relación coas administracións públicas a nivel nacional, rexional e local	Nº de reunións mantidas con AAPP/ano	5	6	8	10
	Nº de reunións mantidas, asociacións e outros clústers/ano	2	3	4	5
	Nº de xornadas técnicas realizadas/ano	5	5	6	6
15. IMPULSO DUN DISTINTIVO VINCULADO AO USO DA BIOMASA	Nº de distintivos otorgados ao ano	0	2	4	6
16. Divulgación e concienciación da sociedade e dos grupos de interese do sector sobre o potencial da biomasa como fonte de enerxía renovable e local	• Nº de xornadas, seminarios, encontros, charlas, etc. realizados/ano	6	7	8	9
	• Nº de asistentes a accións anualmente	50	65	80	90
	• Nº de entes cos que se colabora para a realización das accións divulgativas	3	4	4	5



Acción	Indicadores	2022	2023	2024	2025
17. Formación e Asesoramento á administración autonómica e local así como aos prescritesores no sector residencial para a dinamización do emprego da bioenerxía como solución térmica	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de xornadas, seminarios, encontros, charlas, etc. realizados/ano</li> <li>• N° de asistentes a cada acción realizada</li> <li>• N° de apoios realizados a concellos</li> </ul>	2 20 1	3 30 2	4 40 4	4 50 4
18. Colaboración con Centros de Investigación e Universidades Galegas para o deseño dun modelo enerxético sustentable en Galicia e o impulso da bioeconomía baseado na biomasa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de colaboracións con universidades e centros tecnolóxicos realizadas /ano</li> <li>• N° de proxectos de innovación impulsados de forma colaborativa/ano</li> <li>• N° de tecnoloxías e novas innovacións transferidas ao tecido produtivo/ano</li> <li>• N° de xronadas e talleres con universitarios nas que se participa/ano</li> </ul>	3 3 0 1	3 4 1 2	4 4 2 3	5 5 2 3
19. Organización de premios e recoñecementos de proxectos destacados e singulares de biomasa	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de premios e actos de recoñecemento realizados/ano</li> <li>• N° de candidaturas recibidas/ano</li> </ul>	1 5	1 8	2 10	2 12
20. Impulso da biomasa nos sectores industriais	n° de eventos realizadas/ano	3	4	4	5
21. Desenvolvemento da biomasa no sector do turismo de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>- N° de establecementos turísticos con distintivo biomasa</li> <li>- N° xornadas realizadas/ano</li> <li>- N° de encontros B2B2 realizados</li> <li>- N° asistentes de accións a nivel anual</li> </ul>	0 1 1 10	2 2 2 15	5 3 3 20	10 3 4 25
22. Posta en marcha das iniciativas propostas no plan de internacionalización do clúster	<ul style="list-style-type: none"> <li>- N° de iniciativas de internacionalización realizadas/ano</li> <li>- N° de colaboracións con organismos internacionais</li> </ul>	3 1	4 2	4 3	5 4



# PLAN ESTRATÉXICO

## 2022 - 2025



"Documento elaborado ao abeiro da axuda ás agrupacións empresariais innovadoras emerxentes (clústeres emerxentes) na comunidade autónoma de Galicia, expediente: IG193.2021.1"